

# O besbello Saltón.



## EDITORIAL

Aquí estamos un ano máis sen faltar á cita do Besbello Saltón. Con máis ou menos atrancos, con máis ou menos colaboracións, con máis ou menos axudas pero aquí estamos.

Queremos agradecer a participación de quen sempre nos axuda, e dicirle ao resto que se animen o ano que ven, que o Besbello ten que seguir publicándose para que haxa sempre un espazo aberto no que poder expresarnos.

Non te esquezas de visitar a páxina web do insti:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesalexandreboveda/>



---

**CONSELLO DE REDACCIÓN: Os besbellos recalcitrantes de sempre**

---

## CAMPUS CIENTÍFICOS DE VERANO 2011

O día 3 de Xullo de 2011, trasladeime ao Campus de Montegancedo da Universidade Politécnica de Madrid (UPM) co programa “Campus Científicos de Verano 2011.

Alí permanecín dúas semanas con outras 29 persoas da miña idade e procedentes de todo o país.

Pola mañá íamos á Universidade e polas tardes visitábamos a cidade.

Na Universidade traballamos en dous proxectos de luns a xoves. O venres, facíamos unha exposición do aprendido na semana, diante dos compañeiros, monitores, profesores e de quen quixese escoitar pois era unha xornada de portas abertas.

Traballei en dous programas:

“**Caracterización e visualización de escenarios naturais e virtuais**” e

“**O xoven biotecnólogo de plantas axuda ao desenrolo da agricultura do século XXI**”.

No primeiro programa, tras unha introdución na teledetección, utilizamos diverso aparellos como o radiómetro, para medir a luz reflectida polos obxectos e elaborar a continuación diversas gráficas, mediante as que poidemos sacar deducións sobre a cor, a rugosidad ou incluso a humidade dos obxectos.

Traballamos tamén con imaxes de satélites internacionais ou privados e aprendimos o complicado método que éstos utilizan para obter as imaxes.

O segundo proxecto que realicei, pareceume moi entretido e dinámico, debido á gran cantidade de prácticas que fixemos.

Éste proxecto dividiuse en catro talleres: un por día.

O primeiro consistiu en cuantificar a cantidade de almidón (presente de forma natural tan só en plantas) en alimentos vexetais e cárnicos. Observamos que, debido a engadidos artificiais, ás veces, as mostras de carne tiñan máis cantidade de amidón que as mostras vexetais.

O segundo taller consistiu en cualificar o nivel de infección por diferentes fungos, en varias mostras dunha mesma planta. Despois de infectar as súas follas, observamos ao microscopio, que tipo de resistencia ofrecían ao fungo.



O terceiro taller consistiu en analizar os nódulos das plantas (atópanse na raíz) e observar ao microscopio as diferentes clases de bacterias (bacteroides) que viven neles, despois de un complexo proceso de preparación da mostra.

O cuarto taller consistiu en separar o ADN dunha mostra de planta para cuantificalo, e puidemos observar a simple vista, o ADN das plantas.



Extracción do ADN



Polas tardes visitamos a cidade, os museos e as rúas de Madrid. Tamén fixemos moitos xogos divertidos.

A nivel persoal, o mellor de todo, foi coñecer novas xentes coas que sigo en contacto e ás que a miúdo boto de menos.

Foi unha experiencia inolvidable e animo aos meus compañeiros para que participen no programa “Campus Científicos de Verano” do próximo ano 2012.

P:D: As nosas monitoras fixeron un diario na seguinte páxina web:

[Campuscientificosdeverano.blogspot.com](http://Campuscientificosdeverano.blogspot.com) (pinchar na entrada Montegancedo).

Román Portela Suárez      1º Bach. B

## COMPENDIO DAS RUTAS CIENTÍFICAS

Moitos de vós teredes en mente, tras ler o título, unha redacción que non garde ningún tipo de interese para unha persoa coma... ti: aquela que sostén unhas cantas follas mal encadernadas e ilustradas coa fugaz inspiración dun dos nosos compañeiros. As “Rutas Científicas”, tal vez non foron unha experiencia tan “recreativa” e con tanta sona, coma pode ser a anual travesía en barco até as Illas Cíes. No entanto, unha viaxe, onde as relacións “alumno-mestre” desaparecen para deixar paso a un trato de persoas, onde agromou unha tan grande fraternidade entre individuos de tan afastadas comunidades... É inefabelmente destacábel.

A nosa odisea comeza en Vigo. Un feixe de alumnos aínda de 4º da E.S.O. vese sorprendido a finais de curso coa sorpresa de que van realizar unha saída na que se persegue o coñecemento científico e máis a fraternización entre as novas xeracións. Aforrareivos os pormenores minuciosos e comezarei o relato onde interesa: no mesmo principio dos acontecementos que nos atanguen.

No autobús, coma en calquera outra saída, non reinou precisamente a calma. Despois de horas de viaxe, chegamos ao noso destino. Aínda desde o vehículo, ouvimos un considerábel ruído ás portas do albergue onde nos teriamos que hospedar. Pouco a pouco, os meus compañeiros e máis eu xiramos as cacholas até vislumbrar un grupo de xente – maiorquíns segundo tñíamos entendido -, entre os que, a simple vista, nos custou moito atopar a alguén da nosa idade (depois deducimos que simplemente aparentaban ser maiores).

As actividades variaban, pero a estrutura coa que estaba organizado cada xornada era idéntica todos os días.

Por orde cronolóxica visitamos: o edificio bioclimático de CENIFER (un centro de formación profesional, deseñado de forma maestra para aproveitar ao máximo á Madre Natureza), onde de boas a primeiras mergulláronnos na apaixonante “vida” das placas solares; o castillo de Olite (un dato curioso sobre el é que a fortaleza, foi construída a pedazos, coma un crebacabezas);



As  
Bárdenas  
reales



### Castelo de Olite

O parque Natural das Bardenas Reales, o cal era unha área protexida moi fermosa (mais faltaba algo naquel árido paraíso... Eu diría que faltaba algo así coma “vida”). A seguinte visita foi ao Parque Natural de Urbasa, que nos recordaba ás fragas galegas.



Ese mesmo día ao volver ao albergue, no patio anterior do edificio, todos os chicos e chicas atopámonos de súpeto, con chalecos postos e preparados para saír á carreira con sacos nas costas; para dar golpes cun martelo nunha bigornia o máis rápido posíbel; para recoller espigas de maíz e metelas nun cesto, para cortar un tronco cunha serra que tiña que se soste entre dúas persoas.... Estábamos metidos de cheo nos “xogos tradicionais vascos”.

No entanto, ao día seguinte, seguimos a practicar outra serie de actividades físicas. Quentamos xogando á pelota vasca, para logo amenizar o día cun paseo cara o cumio dunha montaña. Tras a ascensión de 2000 metros de altura, os monitores léronnos as mentes. Que podíamos desexar máis ca ir buscar voïtres (esas aves utópicas preeiras)? Observámoslos a varios metros de distancia e antes de que alguén pasase a ser o seu almorzo, abandoamos o lugar.



CINFA, empresa de medicamentos xenéricos. Tecnoloxía moi punteira atopamos; pero que demos, o que nos fixo graza foron as pintas que levábamos: parecíamos as “maruxas” da praza que venden peixe e embutidos, cos nosos gorros, batas, e luvas brancas. No mesmo día, marchamos a buscar morcegos ás covas de Mendukilo.

Por último, sometéusenos a unha tortura para calquera que se considere minimamente acrofóbico (categoría na que me inclúo): unha “aventura” entre árbores.

Xa no último día, visitamos CIMA, centro de investigacións médicas; unha empresa adicada á construción de máquinas Aeronáuticas de inxenería, M. Torres, que á súa vez, serven para distintos procesos industriais.

Visitamos o casco vello de Pamplona; tivemos ocasión de ver o corredor da morte dos toros (o que algúns chaman eufemisticamente o “Encierro”), vimos o paseo de Sarasete, a praza do concello... e por último perdímonos entre a rúas dunha cidade onde non había máis que tranquilidade e... tendas de Kukuxumuxu! Era coma unha praga.

Tocou a fin da nosa incursión. Bágoas, apertas, risas e simples miradas. Foi unha ocasión para observar a facilidade do ser humano para coller un cariño caprichoso ás cousas e ás persoas. Moi fortes lazos quedaron lacrados naquel ocaso en territorio neutro. Bicos fugaces e non tan fugaces... paixones eternas que só duran meses de adolescencia... raios de luz, que escurecen coa marcha e chegada das estrelas

Non estábamos feitos á idea de que ao final, todo pasaría coma unha anécdota máis ás nosas historias particulares.

## UN DÍA NA CORUÑA, “CORUÑESEANDO”

O martes sete de febreiro, os alumnos e alumnas de 3ºESO fixemos unha viaxe á Coruña.

Sáímos do instituto a iso das 9. A viaxe en bus foi longa, mais tranquila, sen problemas de vómitos e ese tipo de cousas. Chegamos á Casa das Ciencias, o noso primeiro destino, sobre as 11:30. A verdade, é que pasámolo moi ben xogando cos aparatiños e facendo fotos (algo típico da nosa xeración). Tamén fomos ao Planetario, onde, grazas a unha montaxe espectacular, deixámonos abraiar polo noso firmamento, un lugar cheo de misterio e de marabillas inimaxinables.

Despois do Planetario, saímos da Casa das Ciencias (algúns un pouco tranquilos de máis, debido á comodidade dos asentos Planetario), e sen perder tempo, partimos cara o Domus. Nada máis chegar, xantamos rapidamente e despois fomos a visitar o edificio. Fungamos nos aparellos, rimos a cachón, sacamos fotos... e aprendemos cousas. Coma sempre, triunfou o vídeo do parto e o xogo que mide a actividade cerebral.

Na nosa última parada, mergullámonos nos mares e océanos no Acuario. Alí, reflexionamos sobre o quecemento global e coñecemos curiosas especies mariñas descoñecidas para nós. O gran éxito do Acuario foron as focas, xa que puidemos ver coma se lle daba de comer, e para outros, os polbos foron máis interesantes.



Finalmente, collemos o autobús e regresamos a Vigo, onde o instituto nos agardaba ao día seguinte.

*Vera Rodríguez Naz, 3ºESO A*





Á parte seguro que as medidas están en metros... METROS!! quen utiliza a la distancia que percorre a luz no baleiro durante un intervalo de  $1/299792458$  de segundo? Non é mais fácil

utilizar a vara, que todo o mundo (menos *Simon Blackburn*) a ten?

En fín, ás veces pódeme a ira...

O caso é que a miña teoría para o aparcamento perfecto é moi simple, de terse en conta:

OP= Oco do Parking

D=distancia "ao-parking-que-soe-ser-máis-ben-pouca"

$\alpha_N$ =ángulo máximo que se pode maniobrar tendo en conta o nivel de condución: o devandito nivel por dez ( $4,5 \cdot 10 = 45^\circ$ ) e xa está. Exclúese o nivel 9 porque ninguén pode chegar a ser tan bo conducindo...

x= lonxitude do coche

$\lambda_{\text{íño}}$ =o parámetro "lonxitudiña-que-se-ten-que-deixar-para-que-caiba-o-coche"

Entón, se  $OP = x + \lambda_{\text{íño}} > \tan(\alpha_N) \cdot D$

Logo o resultado de todo isto da que para un nivel de condutor *baixo-medio* (4,5) xa se ten o ángulo suficiente para entrar co coche desde a mesma distancia que o coche medía, e aínda sobra un pouquiño...

E cómo se mide? Pois como todos os cálculos están feitos con varas de valado (o que ten que ser), sácase a vara (vaia home se alguén non a ten, porque eu creo que todo o mundo a ten no seu coche), sáese do coche, cóntase a lonxitude do "Oco do Párking" e máis a de distancia do coche ao oco. Se da correcto, sitúase o coche en perpendicular ao "Oco do Párking", arráncase, execútase o xiro e queda o coche axustadiño. E así non fai falla nin GPS, nin aparcador automático do demo.

Co fácil que é a miña maneira... Ai Simón, que traducido te chamas Negroqueimar; vouche eu queimar por plaxiador até te voltares negro coma o carbón!

(Revelado por xentileza dun veciño anónimo a partir do seu diario)

*Gañador do II concurso de relatos matemáticos do instituto*

Brais Gonzalo Guerra 2º Bacharelato A

Chámome Alfred Bonnet, teño 78 anos, e esta é a miña historia.

Ano 1940. Hôpital Européen Georges Pompidou. Estaba naquela cama. Inmóbil. Daquela tiña sete anos. Encantábame escoitala; como falaba, a súa voz tenra e pausada, as historias tan cheas de coñecemento, as verbas que saían por aquela boca e se ían encadeando de forma tan harmoniosa, era a súa forma de falar a que me cativaba, a súa voz, a voz da sabedoría. A miña avoa levaba anos contándome historias, a meirande parte sobre científicos e grandes descubrimentos. Á fin, era ela a que me contaba a historia do mundo, porque grazas a ela descubrín que o mundo non sería o mundo que é, se non fose polos avances que ían aparecendo nos diferentes campos da ciencia.

Pero había un mes, a cousa cambiara, xa non me contaba historias unicamente por lecer, a miña avoa convertérase, nesa época, na mellor das miñas visitas durante a miña estadía no hospital, a única capaz de distraerme daquelas longas horas pechado na habitación sen sequera poder levantarme a fiestra a respirar aire fresco, porque disque non era conveniente no meu estado facer cousa ningunha coa que me puidese cansar.

Se a memoria non me falla, desta vez elixira eu o tema da historia, sempre lle pedía que me contase calquera, que con calquera historia era feliz sempre e cando ma contase ela. Mais neste caso, elixín eu.

Eu, Alfred Bonnet, sete anos de idade, fora ingresado no hospital había dous meses para poder ter controlado o tumor. Tratábase de cancro. Segundo a miña médica de cabeceira as molestias na gorxa serían consecuencia dun catarro normal e corrente, pero non era así. Días despois do seu veredicto non podía comigo mesmo e miña nai levoume a urxencias, tras varias probas, alí estaba, un tumor de tamaño considerablemente importante estaba evolucionando no meu esófago. Ao pouco tempo xa estaba ingresado, e comezaban a barallar os posibles días da operación. Si, tiña sete anos e detectáranme cancro no esófago. Mellor aínda, si, tiña sete anos, detectáronme un cancro no esófago, e con tan pouca idade xa ía pasar polo quirófano. Increíble.

Así que a miña elección foi simple. Comentáranme que tras a operación, na que probablemente terían que extirpar algún dos meus tan prezados órganos se estaba demasiado afectado, o máis probable era que comezara co tratamento de *quimio* e radioterapia, daquela, decidín rápido, desta vez quería que me contase o da radioterapia, parecíame incrivelmente asombroso aquel descubrimento. Como podías a través da radiación, controlar as células canceríxenas que a min tanto dano me estaban a causar.

Alá foi a miña avoa pois. Coido que non é necesario explicar que como o meu apelido indica, son francés, e polo hospital no que me atopaba, xa dariades boa conta de que seguía a vivir alí por aquel tempo. <<O certo é que estarei encantada de contarche esta historia meu neno -comezou a miña avoa- pois aínda que ti non o sabes, cando eu era pequena, devecía polas historias que me contaba meu pai cando eu era da túa idade>>. De súpeto, levantei a vista e puiden distinguir nos ollos da miña avoa ese brillo tan especial, ese brillo de emoción, alegría mesturada con tristeza, notábase que botaba moito de menos aquel home, supoño que o botaba tanto de menos como eu a botaría de menos a ela se me faltase algún día.

<<E esta, sen dúbida ningunha, era das que máis me gustaba. Para comezar meu rei, é imprescindible explicarche que, aínda que tanto ti coma min sexamos franceses, meu pai chegou aquí en 1893, un ano antes de que eu nacese. Era de Varsovia e aínda non coñecía ben o idioma. Así que,

fixo como fai case todo o mundo ao chegar ao estranxeiro; achegarse a outros estranxeiros. Como home des estudos que era, non tardou en atopar xente cos mesmos intereses que el tiña; a ciencia. Pasaba noites falándolle a miña nai dos novos amigos que ía facendo segundo pasaban os días. Ao pouco, empezaba tamén a comentarlle os nomes dos seus novos amigos; Józef, Tomasz, Mariusz, Robert... e a única muller, Marie. Todos eles eran de Varsovia coma meu pai, aínda que na única que me vou centrar para esta historia vai ser ela, Marie. Chegara alí dous anos antes ca meu pai e, ao igual que el, tamén se matriculara na Universidade da Sorbona na Facultade de Ciencias Matemáticas e Naturais, onde se coñeceron. Pronto comezaron a levarse mellor e a compartir as súas curiosidades científicas.



>>Por desgraza, os ingresos na casa non eran abondos, pois papá estudando, unicamente podía levar á casa o que sacaba facendo de axudante para un mecánico preto da vivenda, e mamá tiña un salario moi reducido limpando na casa dun matrimonio xa maior. En 1894 nacín eu, e por teren que pórse a traballar todo o seu tempo no taller para poder ter cartos suficientes, tivo que abandonar a súa asistencia á Universidade.


>>Malia todo, el e mais Marie, a súa mellor amiga dende que chegara a estas terras, seguiron en contacto, e quedaban de cando en vez para compartir pequenos descubrimentos que ían facendo (sobre todo os de Marie, pois meu pai, por falta de medios, non podía investigar demasiado). Nese mesmo ano ela casou con Pierre e foi desa cando adoptou o apelido Curie. O matrimonio traballaba en conxunto no laboratorio e así foi que meu pai tamén se empezou a levar mellor con el.>>

Era impresionante como a expresión da miña avoa ía cobrando forza segundo avanzaba na historia, metíase na historia, probablemente recordaba con exactitude as palabras que algún día seu pai, meu bisavó, aquel gran home que eu descoñecía até ben pouco, lle dixeran. Comezaba a comprender algo. Esa tal Marie Curie, era a que aparecía nos libros de texto, xa lle escoitara ao meu irmán maior falar dela. Ao parecer descubrira algo importante, e eu estaba a piques de descubri-lo.

<<1896. Endexamais esqueceré esta data. Eu, con dous anos, xa parlamentaba coma unha laretas e estaba a pasar a varíola, que escándalos lle montaba a miña nai. Lembro aquel día coma se

fose onte mesmo. E eu tan só tiña dous anos. Pouco máis e móntase unha festa na casa. Viñeran Marie e Pierre onda nós, tiñan algo impresionante que lle dicir a meu pai. Eu daquela non entendía ben de que falaban, serían *cousas de maiores*.

>>Anos máis tarde, cando eu xa tiña trece anos, meu pai explicoume todo. Eu tiña xa certa formación, pois fora el quen dende ben pequena me inculcou paseniñamente o amor pola ciencia. Resulta que naquel ano, 1896, un tal Henri Becquerel descubrirá a radioactividade natural. Marie, a súa amiga, obtivo dous premios Nobel polos seus estudos coa radioactividade. E foi ela unha das principais figuras que conseguiu traballar cos raios X. Eses raios que, despois de que te operen, te van salvar, meu rei. Porque estou segura de que todo sairá ben e ti poderás seguir coa túa vida normal. Moitos traballaron xa para que iso suceda>>



E de súpeto sorriu. Os ollos brillábanlle. Nunca vira así a miña avoa. Era increíble a tranquilidade que aquela muller de corenta e sete anos de idade me infundía, probablemente aínda moi nova para que a xente allea á miña familia se dese de conta de que era miña avoa. Increíble, non había outra palabra. Ela estaba certa de que o traballo daquela muller me salvaría, de que paliaría a miña dor e eu podería saír adiante con normalidade. Ela estaba segura. E se ela estaba segura, tamén o estaba eu.

Dúas semanas máis tarde operáronme, extirpáronme o bazo ,pois xa estaba demasiado afectado, e grazas ao tratamento de quimio e radioterapia saín adiante. No ano 1961, detectáronme outro xerme, pero desta vez collémolo a tempo, e unicamente solucionouse con radioterapia e non houbo que chegar á operación.

Chámome Alfred Bonnet, teño 78 anos, e grazas a Marie Curie, hoxe podo estar aquí para contar a miña historia.

Relato finalista do 4º concurso de relatos *A ciencia que conta 2011*

Belén García Rodríguez 1º Bach C





María Pérez Mariño 1º Bach F

O

AMOR

NUNCA

REmata



SEMPRE

PODEMOS

Sentir

Mais

Somos iguais, somos diferentes...

pero non podemos facer nada por cambio,  
excepto unha cousa:

RESPECTAMOS



Sonríe

*Llora de alegría*

Escribe un poema

*Cuida tu naturaleza*

Lucha por lo que quieres

Lanza confeti en las fiestas

**Levántate con el pie derecho**

**ABRAZA A TU VERDADERO AMIGO**

Aprende de tus fallos

**Crea el camino que quieres seguir**

**Ayuda a las personas que te rodean**

**Pinta un cuadro con tus cosas favoritas**

**DECORA TU HABITACIÓN COMO TE APETEZCA**

Llena tu corcho con fotos de tus amigos

Mírate al espejo y asiente con la cabeza

**Prueba comida nuevas y extravagantes**

Escribe un diario con faltas de ortografía

**Baila tu canción favorita con todas tus energías**

Duérmete pensando en algo bueno que te ha pasado


**MANDA UN MENSAJE CON MUCHÍSIMOS SIGNOS DE EXCLAMACIÓN**

Clara Villaverde García 1º ESO C



## Estados de ánimo

Unas veces me siento  
como humilde labriego



y otras como millonario  
de riquezas inigualables  
unas veces me siento  
como un pez  
y otras como un águila  
libre pero limitada  
a veces uno es  
riachuelo de montaña  
y otras veces un océano  
sin navegantes  
pero hoy me siento apenas  
como parque infantil  
con unos columpios ya muy viejos.

(Recreación de un poema de Benedetti)

Isaac Gómez González 1º ESO A

## **Retrato**

Esta tarde me fui a hacer una foto de carné. Era para entregar en el instituto, pues estamos con el papeleo de la matrícula. Al llegar a casa, comparé esta foto con las anteriores ¡y descubrí lo que había cambiado! Veamos...

Tengo una gran cantidad de cabello por el lado izquierdo, tengo dos lunares diminutos y al quitármelas, dejan ver unas débiles ojeras, día. Soy más bien de piel pálida. Y mis ojos van a



castaño. En la sien, alineados. Mis gafas, aunque depende del juego con mi pelo.

Después, me apeteció decir como soy para mejorar. Respecto a mi carácter, dije que soy bastantes cosas, como por ejemplo para dar mi opinión o decir lo que pienso por miedo a ofender. ¿Tímida? ¡Sí, mucho! De un día a otro puedo tener bruscos cambios de humor, pues un día puedo estar superactiva y los dos siguientes, como ausente y con la mirada perdida. Lo cierto, es que soy bastante torpe y algo distraída. Depende con quien, soy desconfiada. Pero me preocupo por los demás y me considero compasiva, ya que enseguida me compadezco de algo o alguien. Y me irrito con facilidad, mas no excesivamente como para crearme enemigos.

¡Así soy yo!

Nuria Castro Suárez – 1º ESO F

## **29-M**

Era jueves, yo me despertaba como cualquier otro día. Pero no a la misma hora. Subí la persiana de mi habitación como de costumbre, pero vi los rayos del Sol, cosa que en un día cualquiera no me lo puedo permitir. Pero no solo los rayos solares me extrañaron, también me impresionó el ruido que hacía una muchedumbre enfadada. No había duda, era el 29M.


El bullicio fue increíble durante unos minutos, y eso que yo vivo en un cuarto piso. Se escuchaba a la gente gritar que no les gustaba la reforma laboral. Observé por la ventana que el gentío estaba teñido de rojo y con pancartas.

Después de comer, como todos los días, vi el telediario. No se hablaba de otra cosa. Esta huelga general tuvo muchos seguidores en toda la geografía española. Se veía a gente protestando en manifestaciones enormes. En Barcelona no fueron del todo pacíficas. La gente que quería ir a trabajar no podía hacerlo porque unos vándalos se lo impedían poniendo silicona en las puertas, e incluso golpeándoles.

En definitiva, la huelga fue muy seguida en toda España porque muy pocos están de acuerdo con esta durísima reforma laboral. Aunque hay que recordar que no se deben perder los papeles, y que: "La huelga es un derecho, pero el trabajo también lo es".

Marcos González Fariza 1º ESO E

Cando non estou a con calquera cousa, facendo o en como sacar un 5 en todas as non estou a pelexar coa xente; dedícome a iso dende hai cinco comezo do meu fracaso escolar, a música en xeral, toda a que se odio esa música *pastillera* que que hai en todas as partes, música DJ (xa me dirás tí que nome é e unhas teclas nun ordenador cree que a xente desta sociedade super



ocupar o meu tempo xogando parvo, debuxando, ou pensando materias sen estudar, ou cando gústame tocar a guitarra, anos, cando tiña 11, (xusto o que casualidade) e me gusta toda faga con instrumentos, claro, parece que neste tempo é o único que pon un tío que se fai chamar ese) e que con pulsar uns botóns que fai música. O peor de todo é moderna tamén llo cree.

É dicir, gústame todo o que non vaia co sistema. E se preguntades polo sentido do debuxo, non o ten, puro aburrimiento matutino, nin sequera sei se todos os ósos aí debuxados están ben, seguro que faltan ou sobran moitos, pero me dá igual, porque está *guay* e é para unha persoa moi importante. Hala, a gozalo! Ñaa!

Manel López 1º Bach D

Unha vez máis, e xa van catro, o récord de só de guitarra foi batido. **Rubén Fernández**, un rapaz de 17 anos que foi o primeiro que o conseguiu con sete horas, cinco minutos e catro segundos, volveu onte, 11 de abril, ao Museo de Arte Contemporánea de Vigo para aproveitar a obra de Thom Kubli (na exposición *Presencia Activa*) e conseguir tocar un só de guitarra durante doce horas. Comezou a tocar ás 11.00 horas e deixou de tocar ás 23.00 horas. Rubén Fernández é guitarrista do grupo The Silence (de Redondela), que a principios de ano publicaron o disco Origen.

É alumno de 2º de Bacharelato E



## VIAXES





3º ESO A ENERXÍAS RENOVABLES



1º BACH D e E EN OPORTO




4º B e C NO CUVI

# EQUIPOS



## O baleiro do espazo extrapolado á nosa vida



As moléculas de  $H_2O$  dispersas entre oxíxeno, dióxido de carbono, nitróxeno, ozono e hidróxeno do ambiente, comezan a se condensar nos finais da troposfera. Unha primeira gota precipita desde unha altura de vinte quilómetros. Na súa traxectoria até escachar contra o chan - durante os 63.8 segundos que dura a transformación de enerxía potencial en enerxía cinética -, a pinga semella desaparecer en certos puntos do espazo, imitando o comportamento dun electrón ao calculalo con ecuacións probabilísticas. Un raio de luz atravesaa e descomponse no espectro de luz que percorre desde os 380 nanómetros, até os 780: o arco da vella.

Aterra no medio da rúa. Unha segunda defórmase contra un pequeno lousado. Neste, un anenómetro sen axexo de ninguén confúndese cun radiómetro de Crookes. No entanto, en lugar de paletas de dúas cores movidas polo pertinente aumento de vibración nas partículas da cara escura, o desprazamento do ar é o motivo e responsábel do movemento das pugas. Comezan a se manifestar os cambios de presión que están a acontecer na atmosfera...

□ □ □

As xentes avanzan lentas pero sen descanso. Parecen non perder nunca a pouca enerxía remanente que latexa no seu interior. Son apenas unha mancha de electróns atrapada nun superconductor cerámico, escorregando entre átomos sen atopar máis resistencia cá monotonía (abreviado coma  $\Pi$ )

Nun recanto da rúa, onde as sombras estenden a súa influencia, adivíñase unha figura. Un *Homo loquens*, demacrado e xa desfeito por unha idade, diríase, avanzada. Os seus cabelos xa non reteñen ningunha cor. Os escuros pigmentos desapareceron, foron esvaéndose co paso da chamada “cuarta dimensión” do modelo da teoría de cordas... Non quedan melanocitos que acumulen máis melanina en cada fibra... Só queda lugar para a percepción da cor branca... .

A súa face está engurrada. Penduran pellos. Un home convertido en planeta, utópico para os fixistas, onde o contraccionismo pareceu acontecer máis dunha vez.

Óvese golpes continuados . Repítese desde un punto achegado. Repítese cunha velocidade constante. Repítese coma os pasos dun home apurado. Desprázase relativamente rápido, con respecto dos candís pendurados na rúa, con respecto ás mesas e cadeiras dunha cafetaría distante... . As ondas sonoras xeradas polo son duns zapatos coidados cunha substancia refinada do petróleo, de textura aceitosa, formada por parafina, petróleo cru, cera de carnaúba, aceite mineral e vaselina – o chamado betume ou *bitumen* – ; transmítense por toda partícula do ar, até chegar ao ouvido do noso *mendicus pauperis*. En canto que a vibración é “recollida” polo pavillón auditivo, conducida até o martelo, a bigornia e mais ao estribo do ouvido medio, transmitida posteriormente pola rede de neuronas que asolaga o noso organismo e procesada pola codia cerebral; o individuo xera unha rápida resposta ao estímulo: Dá lugar ao fenómeno coñecido coma “Menoscabo e detrimento transitorio da doxa humana consensuada”, ou máis sinxelamente nomeado “actos moralmente cuestionábeis”. Este consiste no aproveitamento da pouco favorable situación na que o noso suxeito se atopa, xerando un campo gravitacional tan forte coma o dun burato negro. Por mor deste, defórmase o plano da compaixón-xenerosidade dalgúns dos corpos circundantes máis benévolos, atraendo toda partícula material próxima – desde os ben coñecidos “MOVALÓNS” (moedas de variábel valor), até outras coma os “SEBBÓNS” (sempre benvidos billetes), pasando por partículas elementais coma os “BOXÓNS” (brodio dun xantar) - .

A reacción dos corpos celestes – chamados por certos autores, “viandantes” - que se acheguen, pode variar, o que nos leva a postular dúas teorías xa convertidas en leis:

-1ª: *Lei da dinámica de desprezo múltiplo ou de omisión de acontecementos sociais*; na que un individuo A, nunha posición economicamente superior ao individuo B, non se molesta en prestar a máis mínima atención a este segundo;

presentando un único “acto de cortesía” (ollalo con ánimo de superioridade para que, polo menos, se poida autoconsiderar a unidade máis prescindíbel na escala xerárquica dos *Homo sapiens sapiens*)

-2ª: *Lei da predisposición natural á converxencia de valores caritativos óptimos*; na que un individuo B, de inferioridade económica con respecto dun individuo A, vese favorecido pola xenerosidade deste segundo ao obter, de forma non remunerada por ningunha das partes, algún tipo de substancia material – segundo o postulado de Aristóteles - aproveitábel.

Os factores que acontecen inmediatamente, no noso caso en particular, derivan na segunda das leis explicadas anteriormente. As accións do suxeito A limitanse a: introducir a man nun dos seus petos; percibir - grazas aos corpúsculos de Ruffini e mailos de Meissner - a friaxe e a metálica superficie dunha vella moeda xa afectada pola ferruxe; asegurarse de que a prende – segundo indican, ao seu lóbulo parietal esquerdo, os corpúsculos de Pacini; pola presión que captan -; e guindala con axilidade e precisión milimétrica, describindo unha parábola case perfecta. A acción case semella involuntaria, froito do hábito e do costumismo. O corpo remata a súa traxectoria aos pés do ancián...



□□□

Ben é certo que ese día un home sen fogar terá certa cantidade - non pura - de cobre (contaminada seguramente por calcocita, cuprita, bornita, limonita, malaquita e/ou calcita); que poderá trocar por nutrientes procesados industrialmente. Ben é certo que o seu corazón deixará de latexar dentro de sete días (seino eu). E mais, que sentido tivo a existencia deste ser - trazada con mellor ou peor dilixencia - se non significou máis nada ca un simple aceno espontáneo, ridículo e case accidental?... - o mesmo que acontece co home que guinda a moeda, ou respecto de todos aqueles que prestaron atención a unha pinga que se precipitaba desde a troposfera...

Unicamente somos elementos baleiros dun conxunto que soamente ten a importancia que nós lle outorgamos? Non hai nada que varíe ou que nos achegue unha finalidade na vida? Talvez xa está “escrita”, coma indica o paradoxo da predestinación? Ou calqueira aceno mundano e insignificante pode facer variar de xeito inimaxinábel os acontecementos vindeiros, como se supón na teoría do caos? Déixovos esas preguntas no ar, que fixo mover o anemómetro que outro confundíu cun radiómetro de Crookes...

Germán Rodríguez Marty 1º Bach C



# GUÍA DIDÁCTICA da exposición sobre

## *A novela policial*

---



1. Quen utilizou por primeira vez as pegadas dixitais? En que época?

Francis Galton no ano 1888.

2. Poden xurdir novelas policiais en zonas rurais?

Non. As novelas policiais caracterízanse por situarse en cidades grandes onde o anonimato do criminal está garantido, coma nas grandes cidades, mentres que as zonas rurais son lugares xeralmente pequenos onde todo o mundo se coñece entre si, algo prexudicial para o criminal, que quere manter o seu anonimato a toda costa.

3. Que é a Axencia Pinkerton? Coñeces algún detective dela? Busca información sobre a súa importancia na época. E algunha outra obra que faga referencia a ela?

A Axencia Pinkerton considérase a primeira axencia de detectives, ademais dun servizo de seguridade dos EE.UU., fundada no ano 1850 por Allan Pinkerton, que conseguira a fama cando descubriu un complot que pretendía asasinar ao presidente, Abraham Lincon.

Un detective que traballase para ela foi Charles A. Siringo.

Unha obra que faga referencia a ela é *Axencia de detectives*.




4. Por que algúns relacionan este tipo de novela co “salvaxe” Oeste?

Porque no Oeste predominaba a lei do máis forte; isto quere dicir que cada un protexía o seu de xeito automático, por cultura.

5. Serías quen de establecer as principais diferenzas entre a novela *de enigma* e a novela *negra*?

Na novela *negra* sábese quen é culpable dende o principio, e búscase atopalo para poñelo fóra de circulación. Sen embargo, na novela *de enigma* o interesante é como o detective descobre ao culpable. Finalmente, na novela *negra* os detectives son violentos, patean barrios baixos,... pero o que máis os identifica é que actúan máis que pensan, disparan en lugar de preguntar e mallan máis que deducen. Na novela *de enigma* o detective resolve o caso dende o seu despacho, facendo deducións perfectas que parten de pequenos detalles.



6. Quen foi o iniciador da novela *de enigma*? Que autores ou autoras coñeces deste xénero?

O iniciador foi Edgar Allan Poe. Algúns autores ou autoras son J.L. Borges, Arthur Conan Doyle, Agatha Christie ou G.K. Chesterton.

7. E da *negra*? De onde lle sae o nome?

A novela *negra* recibe este nome da serie que Jacques Prevert utilizou en 1946 para a colección que iniciara a editorial francesa Gallimard *Série Noire*, e das *Black Series* norteamericanas. Ademais, porque esta novela se desenvolve en ambientes sombríos e violentos.



8. Por que non hai novela *negra* onde hai ditaduras?


Porque nas ditaduras hai censura, e a novela *negra* describe crimes e detectives violentos, sen escrúpulos... que poñen en dúbida a seguridade dese país, producindo así vergoña para o ditador, algo que este non pode permitir. Xa dicía P.I. Taibo, “a novela negra comeza contando un crime e remata contando como é unha sociedade”.

9. Entras relación entre as grandes cidades gandeiras do “salvaxe” Oeste e as cidades da serie *negra*?


Nas cidades do Oeste e nas cidades nas que se desenvolve a novela *negra* hai barrios baixos, xente que esconde cousas coma delitos, violencia, morte,... Pero unha das cousas máis importantes é que hai sheriffs, que teñen moito que ver cos detectives da novela *negra*: os dous son violentos, mallan máis que atenden a razóns, disparan sen motivo, son sarcásticos,...


10. Que provocou a Lei Seca nos EE.UU.? Sabes de que se trata? Liches algunha obra con ese tema? Viches algunha película?

A Lei Seca é unha lei que se impuxo nos EE.UU. e que prohibía o consumo de alcohol, o que provocou o nacemento de mafias, de enfrontamentos, de violencia e de mortes que tiñan coma finalidade vender ou conseguir alcohol de forma desesperada. Non lin ningunha obra que trate este tema, mais coñezo algunha película coma *El Padrino* ou *Hampa Dorada*...



11. Por qué Dashiell Hammett denomina a cidade onde traballa un detective seu Poisonville? Coñeces algunha obra?






A primeira obra de Hammet é *Colleita vermella*. Esta obra sitúase nunha cidade mineira chamada Personville, pero

acaba sendo chamada “Poisonville”. Isto é debido a que é unha cidade chea de corrupción e crimes, onde non hai sitio para a honestidade, por iso a denomina “Poisonville”, que quere dicir cidade-veneno.

Outra obra importante e coñecida deste autor é, entre outras, *O falcón maltés*.

12. Sabes quen é William Faulkner? Que relación ten coa novela negra? Con que director traballou? Coñeces algunha obra deste director?

William Faulkner foi un escritor estadounidense que adaptou diversos guións ao cine. A novela negra de Raymond Chandler, *O soño eterno*, foi levada ao cine polo director Howard Hawks en 1946, con guión adaptado por William Faulkner entre outros. Outra obra deste director é *Scarface*.




13. Levada ao cine *O soño eterno*, quen a protagonizou? Quen é o autor desta novela? Que aporta este autor a esta serie de obras?

*O soño eterno* foi protagonizada por Humphrey Bogart e Lauren Bacall. O autor desta novela é Raymond Chandler, unha persoa que nas súas novelas reflicte a calma xeral da sociedade norteamericana de 1939 a 1958, pero que trata de mostrar a complexidade dos seus personaxes que será o motor das súas intrigas, onde a paixón e os intereses individuais o moven todo.

14. Quen dirixiu a obra de Cormac McCarthy *Non é país para vellos*? Que outra obra negra adaptaron? De que autor? Con que título?

Dirixírona Joel e Ethan Coen. Outra obra *negra* que adaptaron foi *Valor de lei* de Charles Portis.



15. Se en Galicia non hai grandes cidades, como puido xurdir a novela *negra*? Cales son os temas tratados? Coñeces algún destes autores? E das súas obras?

Como as cidades galegas eran pequenas, comparadas con Londres ou París, acolleron outras funcións distintas: contrabando de tabaco,

de drogas,... ou crimes que se asentan na análise das paixóns humanas coma a chantaxe, a homosexualidade,...

Destes autores coñezo a Xabier P. Docampo, Manuel Forcadela, Miguel Anxo Fernández e Domingo Villar. Deste último coñezo dous libros: *Ollos de auga* e *A praia dos afogados*; e de Xabier P. Docampo, *Cando petan na porta pola noite*.

#### 16. Cal foi a primeira comisaria *negra* da narrativa castelá?

A primeira comisaria *negra* foi Petra Delicado de Alicia Giménez nos anos 90.

#### 17. Cal foi a primeira obra premiada? En que certame?

A primeira obra premiada do xénero policial foi *El alquimista impaciente*, que gañou a premio Nadal no ano 2000.

#### 18. Cantas mulleres escritoras coñeces deste xénero? Por que é un mundo de homes? Cal é o seu papel nas obras? Cantas detectives coñeces? En que época xorden? Por que?

A novela policial nace nunha época na que as mulleres estaban consideradas máis ben “floreiros”, é dicir, que soamente servían para realizar as tarefas domésticas, ter fillos e para ser lucidas nas festas do brazo dun home. Ao ter este comezo, as mulleres non teñen, xa de entrada, tradición para comezar a escribir. Tampouco posúen tema para desenvolver, pois na súa educación non hai mortes, violacións, borrachos ou detectives, así que non teñen idea de coma tratar este xénero. Isto produce que sexa un mundo de homes, xa que son os que predominan. Nestas novelas escritas por autores masculinos o único papel das mulleres é o de ser febles, amas de casa e fermosas, precisando dun ser masculino que as protexa dos delitos que se levan a cabo.




As únicas escritoras que coñezo son: Laura Caveiro, Agatha Christie e Anne Katharine Green, considerada a primeira escritora de novelas policiais no ano 1878 e as detectives coñecidas por min son: Miss Jane Marple, creada por Anne Katharine Green; e Violet Strange, xurdida da man de Agatha Christie. Estas detectives mulleres comezan a representarse máis fortemente nas primeiras catro décadas do século XX, debido á primeira Onda feminista xurdida nesa época que loita por unha igualdade sexual.

#### 19. Entras algunha relación entre Sherlock Holmes e o doutor House? Cal?




Si. Os dous son persoas cunha capacidade dedutiva incríbel, que nos leva a pensar que non son deste mundo. Sacan conclusións, case sempre acertadas, de pequenos detalles e experimentos. Teñen un carácter soberbio



e sarcástico, podendo chegar a ser prepotentes. A pesar de todo isto, descubren casos estraños, peculiarmente difíciles ou imposibles.

20. Compara a novela *de enigma* coas series de televisión actuais. Podemos tamén establecer algunha relación coa evolución da medicina tradicional e a actual?



As series de televisión actuais e as novelas *de enigma* teñen moitas cousas en común. Para comezar, as dúas buscan o divertimento, é dicir, entreter ás persoas (espectadores/as ou lectores/as). O interese é atopar ao asasino entre tódolos sospeitosos/as que nos poñen no punto de mira. Nas dúas a maneira de matar é estraña e intelixente, máis o detective, coa súa mente prodixiosa e valéndose de interrogar a testemuñas e sospeitosos consegue descubrir ao asasino. Algunhas series policiais coñecidas actualmente son: *Los misterios de Laura, Bones, Castle...*



A medicina sempre ten como finalidade curar á xente, e dependendo de quen a practique pode funcionar ou non. A medicina tradicional non ten nada que ver coa actual, pois



os seus remedios baséanse en suposicións,

rituais, remedios

caseiros..., mentres que na medicina actual se utilizan sistemas máis modernos que non adoitan fallar e que se basean en experimentos científicos e feitos demostrados.



Simplemente, a medida que a tecnoloxía avanza, a medicina, ao igual ca outras ciencias, mellórase e desenvólvense buscando salvar máis vidas e ser de máis fiabilidade.

*Este é un traballo feito sobre unha exposición organizada pola biblioteca do instituto.*

Vera Rodríguez Naz 3º ESO A

# OS QUE MARCHAN





OUTRAS POSIBLES PORTADAS



Alba Álvarez 4º D



Adrián Barcia 4º D



Alberto Zato 4º C



Daniel Rodríguez 4º C




María Alborja 4º C



Melanie Mihalache 4º D



Sabela González 4º D




Sara Barcia 4º C






Aser Álvarez 4°C



Sergio A. Pena 4°C




Nadia Tato 4°C



Raquel Montero 4° D



Paula Simoniak 4° D



Alfonso J. Álvarez 4° D



Gabriel Comesaña 4° D



Fran Pérez 4° C

## Un ano en Vigo - O mellor ano da miña vida

### Algunhas experiencias.

Case oito meses levo agora mesmo aquí. Nestes últimos meses aprendín moito, encontrei novos amigos e vivín unha vida distinta á miña en Alemaña. Coñecín xente moi amable, moi encantadora e vivín no paraíso que se chama Galicia.

O verán pasado, cando xa sabía que Vigo ía ser o meu fogar para o próximo ano, busquei moito en Internet sobre Galicia. O que encontrei non era moi positivo. Moita xente escribía que a paisaxe era moi bonita senón chovese case todos os días. Escribía que a xente era pechada, indecisa e quizais un pouco rara.

Agora non creo que as persoas que escribiron aqueles textos estivesen unha soa vez en Galicia.

A xente que me rodea todos os días, no instituto, na miña casa ou onde sexa, é todo o contrario, é dicir, moi encantadora, aberta e ben disposta. Precisamente a esas persoas que me axudaron nos primeiros meses, cando non sabía falar moi ben castelán, sen mencionar o galego, non as vou esquecer nunca.

O día que cheguei a Vigo puideren ver un pouco de Galicia dende o avión, e non mo imaxinara tan verde. As primeiras excursións que fixen coa miña familia foron todas a sitios non moi lonxe de Vigo, pero encantáronme tanto! Na miña opinión o sitio onde vós podedes vivir todo o ano, é unha marabilla, mellor dito, un paraíso. Aquí en Galicia hai de todo; praias de area branca, montañas, bosques...


Non ten nada que ver cos lugares aos que fun. Paréceme máis bonito que os Alpés, que Sicilia, que a Península Escandinava... Non estou seguro de que seáis conscientes do sitio tan bonito no que vivides.

Aprendín moito aquí, quizais máis que nunca. Non só aprendín Castelán e Galego, se non do meu lado humano.

Agora mesmo son un xoven máis maduro que nunca, quizais sexa mellor que nunca. Antes de vir a España era un rapaz testarudo, egoísta e nin sequera moi amable. Pero se es así, non es capaz de superar a vida. Iso creo que aprendín. Facíame agradecido polo que hai e non polo que eu espero que sexa evidente. Nada é evidente na vida. Ademais comprendín que ser xeneroso e compartir o que tes, aínda que non sexa moito, mellora a vida de toda a xente que me rodea.

Por último quero recomendar que os que teñen a oportunidade de ir ao estranxeiro deberían aproveitala. As experiencias que se poden vivir son xeniais, e como acabo de dicir, crécese e apréndese moito. Quédanme, máis ou menos, tres meses aquí. Este tempo vou aproveitalo e espero que sexa moi, moi longo. O certo é que non me quero ir a Alemaña...

Pero de todos os xeitos volverei pronto!



Max Dittmann 1º Bach A

N. da R.: Este texto está publicado sen ningún tipo de corrección.

## A Year in Spain

If you ask me, living abroad is one of the best ways to learn about another culture. You can read about a country in books, see it in movies and on the news. You can hear about it from friends. You might have a good idea of what that country is like. But I believe that it is difficult to really know a place until you have spent some time there. This year I have been fortunate to spend several months in Spain to learn firsthand about the people, the languages, the cultures in each region and so much more.

My name is Rebecca Lewandowski and I am the *Auxiliar de Conversación de Inglés* at Alexandre Bóveda. I am from the United States, from the state of Colorado, and have been living in Vigo since last September. This year is my first experience living abroad and it has been very interesting and rewarding to live and work in Vigo.

When the opportunity arose for me to come to Spain, I was excited. I really enjoy working with kids and I was looking forward to teaching in a high school, as well as traveling around Spain and Europe and improving my Spanish. I didn't know much about Spain before I arrived. I had visions of bullfights, flamenco dancing and olive groves. Imagine my surprise when I learned that none of these things are part of Galician Culture. Instead I was introduced to delicious seafood, *castañas*, Galician bagpipes, beautiful rocky beaches and wonderful weather (although that has recently changed!).



Since my arrival, the people of Vigo have been very kind, generous and helpful, giving me directions on the street, showing me and my husband around Vigo and other cities nearby, inviting us to meals in their homes and patiently helping with our Spanish. I have made many friends who I will never forget. I have eaten wonderful foods that we don't typically eat in the States (*pulpo*, *torilla*, *chipirones*, *mejillones*, *chorizo*, and *cocido*). I have even learned to cook a few of these dishes with neighbors and friends. I have seen beautiful cathedrals, castles, museums, churches and other architecture throughout Spain. These places are very different than what we are used to in the United States because everything there is so new (only a few hundred years old). I enjoy the traditional music of Galicia, with bagpipes, drums and accordions. I have had the opportunity to celebrate various

festivals such as Carnival, *el día de San Blas* in Bembrive and *La Arribada* in Baiona. I love that each town celebrates different holidays. My Spanish has improved greatly, my Gallego, not as much. I would not have experienced any of these things had I not come to Vigo.



The students and teachers at Alexandre Bóveda have made my time at school enjoyable. I love being able to share my language and culture with them. It is rewarding as a teacher to see the students' progress throughout the year. I am very proud of the enthusiasm they have for learning English. I have learned a lot of important things from them too, like how to make *tortilla*, which football teams to watch, what to do in Vigo on the weekends, and what music to listen to.

From a distance, sometimes it seems like people in other countries are very different than we are. It's true that there are many differences between Spain and the United States, and that's what makes the world interesting, but in the end, I believe that the people around the world are far more similar than different and living in Spain has opened my eyes to this, among the many other things I have mentioned. I encourage anyone to study or live abroad, even for a short time. It has changed the way I look at myself and at our world. Thanks to each of you students, teachers and friends who have been a part of my experience here. Know that your kindness is what has made it so unforgettable.

Rebecca Lewandowski

## ENTREVISTA A TERESA PORTELA

Dentro das actividades do proxecto de Centro (Xogos Olímpicos), dúas rapazas do Club de lectura do instituto, Paloma Lorenzo e Julia Clara Gabarre, entrevistaron en Aldán a Teresa Portela, campiona mundial de piragüismo.

P.- Como te iniciaches no piragüismo?

R.-Aos nove anos, por diversión. A verdade é que o colexio no que estudaba estaba cerca do club e da praia. Chamoume a atención o feito de poder quedar coas amigas no verán, ir á praia e probar o kayak.

P.- Segues pertencendo ao mesmo club?

R.-Si. Desde os nove anos no Club de Mar Ría de Aldán e ata hoxe. Son xa vinte anos.

P.- Lembras a sensación ao gañar o primeiro campionato nacional ou europeo?

R.-Non lembro o primeiro que gañei, pero si que foi moi especial cando, aínda sendo xuvenil, quedei segunda no meu primeiro campionato de Europa K1 500. Tamén supuxo unha satisfacción enorme cando en Sevilla, no 2005, gañei o campionato do mundo. Ir a unha competición deste calibre e gañar faite pensar en todos os días de adestramentos e sacrificios e en que por fin acadas unha recompensa a tanto esforzo.

P.- Cantos campionatos europeos e mundiais levas gañados?

R.-Podo dicirvos que aos dezasete anos fun ao campionato do mundo e quedei cuarta en K1 500. Con dezaoito fun segunda de Europa xuvenil, no 2000. Axiña chegou o campionato nacional xuvenil e gañei. Aos quince días participei no Master nacional absoluto que tamén gañei e conseguín a praza para os Xogos Olímpicos de Sidney. Para min, ese ano, o de 2º de bacharelato, foi moi complicado nos estudos, pero conseguín rematalos e ademais vinme recompensada coa prata en Europa e coa asistencia a Sidney. A partir de aí asistín todolos anos ao europeo e ao mundial, e nos anos que non había mundial asistín aos Xogos Olímpicos.

Gañados? dous campionatos do mundo en K1 200, catro de Europa en K1 200, ademais dun segundo e un terceiro posto nesa distancia.

P.- Tes algún referente, no teu deporte ou noutros, que che sirva para manter a competitividade?

R.-A verdade é que nunca fun de ter ídolos, pero si que admiro a outros deportistas que chegan ao máximo, como Rafa Nadal. Cando conseguen eses resultados sabes o sacrificio e o traballo duro polo que tiveron que pasar, e entón valóralo e admíralo. Pero se me preguntas se hai alguén en quen sempre me vexa reflectida, diríache que non.

P.- En cantos xogos Olímpicos participaches?

R.-En tres: Sidney 2000, Atenas 2004 e Pekín 2008. Agora veño de conseguir a praza para Londres, pero aínda teño que pasar un control en España para confirmar se vou eu ou non. Se finalmente asisto a Londres, serían os meus cuartos Xogos.

P.- Cal deles é o que mellor lembrás, a cidade na que mellor te sentiches?

R.-Foron diferentes. En Sidney tiña dezoito anos e foi algo que non imaxinaba a principio de temporada, xa que o meu obxectivo era o campionato de Europa xuvenil, pero gañei o campionato nacional e de repente tiña praza para Sidney.

En Atenas xa vivira a experiencia e fun máis a acadar un obxectivo deportivo. Conseguí dous diplomas olímpicos, dous quintos postos en K4 500 e K2 500.

En Pekín intentei acadar medalla, pero non puido ser, quedei con outro quinto posto.



P.- Cantas horas diarias adestras?

R.-Hai semanas de moito adestramento, pero tamén é importante o descanso para non chegar a un punto de fatiga a partir do cal non podes mellorar. Hai semanas de cinco horas diarias, pero cando se achega a competición descansamos un pouco máis.

P.- Canto duran os teus períodos de vacacións?

R.-Adeastro durante once meses e descanso un. Teño un mes de vacacións cando remata o mundial ou os Xogos, que adoita coincidir co mes de setembro. Cando chega ese momento estou todo o mes sen facer nada, e menos remar.

P.- Sabemos que vas pola túa segunda carreira universitaria. Como o compaxinas?

R.-Teño que facer números. A miña prioridade é o piragüismo, porque ademais teño unha beca que me permite dedicarme en exclusiva a isto, e os estudos pasan a un segundo plano. Se teño competición e exame, doulle prioridade á competición, pero ao final é cuestión de organizarse. Se un quere, está claro que pode. Se a carreira dura tres anos e a fago en catro, tampouco pasa nada. Hai que buscar o tempo. Evidentemente estase mellor descansando sen facer nada que estudando, pero é obvio que se queres sacar a carreira hai que estudar e sacar o tempo de onde non o hai.

P. En cuestión de éxitos, cres que se valoran máis os masculinos?

R.-A verdade é que moitas veces me teñen feito esa pregunta, pero penso que non. Creo que ao final, polo menos no meu caso, cando tiveren un éxito ou conseguín unha medalla, tivo bastante repercusión, tendo en conta que este é un deporte minoritario. Por suposto que non é o mesmo que co fútbol ou tenis. Penso que a valoración ten máis que ver coa repercusión social do deporte que co feito de ser ou non muller. No caso do piragüismo nunca sentín que se lle restase importancia aos éxitos por ser muller.

P.- Que consellos lles darías aos xoves que se inician neste deporte?

R.-Que o pasen ben. Cando un é novo debe empezar por pasalo ben. Máis adiante o tempo dirá se segues para arriba ou non. Se un vai destacando xa se encargan os adestradores de coidalo. A partir dese momento comeza a disciplina, o saber priorizar, curtir a técnica, saber adestrar e descansar. Pero para empezar, trátase simplemente de pasalo ben practicando deporte.

P.- Que outras afeccións téns?

R.-Gústame ler. Ás competicións sempre levo un par de libros. Faime desconectar, entreténme. Gústame meterme nos libros e entretéñome moito lendo.

P.- Que ten a Ría de Aldán para que saian de aquí tantos campións e campioas?

R.-Pois non o sei, pero é verdade que poucos poden dicir que un pobo coma este teña sacado tantos talentos: David Cal, Carlos Pérez, os dous medallistas olímpicos. Penso que é un feito anecdótico, pero non creo que no mesmo equipo nacional de piragüismo doutros países teña saído tanta xente do mesmo pobo. Non teño explicación.

Esperamos verte no verán xa con medalla. Moitas grazas pola entrevista.

Moitas grazas a vós.

N da R: O domingo 13 de maio Teresa asegurou a súa participación nos Xogos Olímpicos de Londres.



A HORA DA SAÍDA PODE CHEGAR A FACERSE ETERNA

ADRIÁN DANIEL MARIO  
TORRES SEIJAS FERNÁNDEZ

PRODUCCIONS BOVEDA PRESENTA

# O INSTITUTO

*Un vídeo interactivo da asignatura TIC  
dos alumnos de 1º Bacharelato B*

XUÑO 2012

[TECNOBOVEDA.BLOGSPOT.COM](http://TECNOBOVEDA.BLOGSPOT.COM)




## ÍNDICE

**PORTADA:** María Rodríguez García 4º C

- 2 Editorial
- 3 Campus Científicos 2011
- 5 Rutas Científicas
- 7 “Coruñeseando”
- 8 Diario secreto dun matemático especial
- 10 Chámome Alfred Bonnet
- 13 Concurso da Biblioteca de relatos contra a violencia de xénero
- 16 Poesía: *Deseos*
- 17 Poesía: *Estados de ánimo*
- 18 Retrato e 29M
- 19 Manel e Rubén
- 20 Fotografía: *Excursións*
- 22 Fotografía: *Equipos*
- 23 O baleiro do espazo extraolado á nosa vida
- 25 Guía da exposición *A novela policial*
- 30 Fotografía: *Os de 2º Bach.*
- 32 Outras portadas
- 34 Un ano en Vigo: o mellor ano da miña vida
- 35 A Year in Spain
- 37 Entrevista a Teresa Portela
- 40 Publicidade: Próxima estrea da película *O instituto*


**CONTRAPORTADA:** Diana R. Cruz Valladares 4º C



# O BESBELLO SALTÓN



IES Alexandre Boveréda



2011-2012